

PROCEDIMIENTO DE EVACUACIÓN

Ao comezo do exercicio emitirase un **senal de alarma** (timbre, con reiteración) que alcance a todas as dependencias que integran o IES De SAN ROSENDO. Cando o sistema de alarma existente non sexa suficientemente potente e claramente diferenciado doutros sinais acústicos, como os do recreo ou outras actividades escolares, deberá procurarse unha solución alternativa que cumpra os requisitos mencionados.

4.- Evacuación ordenada das plantas:

Para a evacuación ordenada das plantas seguirase a seguinte secuencia:

Ao sinal de comezo do simulacro, desaloxarán o edificio en primeiro lugar os ocupantes da planta baixa.

Simultaneamente, os ocupantes das plantas superiores mobilizaranse ordenadamente cara ás escaleiras máis próximas, pero sen descender á planta inferior ata que os ocupantes destas desaloxaran a súa planta respectiva.

O desaloxo de cada planta realizarase por grupos, saíndo en primeiro lugar as aulas máis próximas ás escaleiras, en secuencia ordenada e sen mesturarse os grupos.

A distribución dos fluxos de evacuación nas saídas da planta baixa ordenarase en función do ancho e da situación das mesmas.

Non se empregarán neste simulacro outras saídas que non sexan as normais ao edificio. Non se consideran como saída para este simulacro as ventás do edificio.

Non se permitirá, baixo ningún concepto, utilizar o ascensor para a evacuación de persoas, nin se abrirán fiestras ou portas que, no caso hipotético de lume, favorecerían as correntes de aire ou propagación de chamas.

Tendo en conta a tendencia instintiva dos alumnos/as de dirixirse cara ás saídas e escaleiras que habitualmente empregan e que poden non ser as convenientes neste caso concreto, é aconsellable que na planificación deste simulacro estea prevista esta circunstancia, sendo o profesor/a de cada aula o único responsable de conducir os alumnos na dirección de saída previamente establecida.

Resulta de vital importancia que o persoal do Centro procure non incorrer en comportamentos que poidan denotar precipitación ou nerviosismo, para evitar que esta actitude se transmita aos alumnos.

Unha vez desaloxado o edificio, os alumnos/as concentraranse en diferentes lugares exteriores ao mesmo, previamente designados como puntos de encontro, sempre baixo o control do profesor/a responsable, quen comprobará a presenza de todos os alumnos do seu grupo.

Rematado o exercicio de evacuación, o equipo coordinador inspeccionará todo o centro, co obxecto de detectar as posibles anomalías ou desperfectos que se pudieran ocasionar.

Considérase aconsellable, despois de rematar o simulacro, celebrar unha reunión todos os profesores para comentar e avaliar o exercicio, redactando o

Director/a do centro un informe. Dito informe remitirase á Delegación Provincial correspondente.

É esencial, para o bo resultado deste simulacro, a completa coordinación e colaboración de todo o profesorado.

Tanto na planificación como na realización do simulacro os profesores/as reponsabilizaranse ao máximo do comportamento dos alumnos ao seu cargo co obxecto de evitar accidentes de persoas e danos nos edificios.

5.- Instrucións orientativas para os alumnos

Cada grupo de alumnos/as deberá actuar sempre de acordo coas indicacións do seu/a profesor/a e en ningún caso deberá seguir as iniciativas propias. Os alumnos/as non recollerán os obxectos persoais, co fin de evitar os obstáculos e demoras.

Os alumnos/as aos que se lles encomendarán funcións concretas responsabilizaranse de cumprilas e de colaborar co seu/a profesor/a en manter a orde do grupo. Recoméndase que esta función a asuman os delegados/as e subdelegados/as.

Os alumnos/as que, ao soar o sinal de alarma, se atopen nos aseos ou locais anexos, na mesma planta da súa aula, deberán incorporarse ao seu grupo coa maior rapidez que lles sexa posible.

No suposto de que o alumno/a se atope nunha planta diferente á da súa aula, incorporarse ao grupo máis próximo que se atope en movemento de saída. Unha vez que abandone o edificio dirixirse ao seu grupo de referencia comunicándollo ao profesor/a responsable.

Todos os movementos deberán realizarse á présa, pero sen correr, sen asoballar nin empuxar aos demais.

Ningún alumno/a deberá deterse xunto as portas de saída.

Os alumnos/as deberán realizar este exercicio en silencio e sentido da orde e axuda mutua, para evitar os atropelos e lesións, axudando aos que teñan dificultades ou sufran caídas.

Os alumnos/as deberán realizar esta práctica de evacuación respectando a moblaxe e equipamento do centro e utilizando as portas co sentido de xiro para o que están previstas.

No caso de que nas vías de evacuación existan atrancos que durante o exercicio dificulten a saída serán apartados polos alumnos/as, se fose posible, de xeito que non provoque caídas de persoas ou deterioro do obxecto.

En ningún caso o alumno/a deberá dar a volta co pretexto de buscar os irmáns pequenos, amigos, obxectos persoais, etc.

En todo caso os grupos permanecerán sempre unidos, sen disgregarse, non adiantar a outros, incluso cando se atopen en lugares exteriores de concentración previamente establecidos, co obxecto de facilitar ao profesor/a o control dos alumnos.

PLAN DE EVACUACIÓN

Coordindor xeral:

Suplente:

1.-NORMAS A SEGUIR PARA UNHA EVACUACIÓN ORDENADA

A)Cando sone a alarma (3 timbrazos intermitentes), desaloxarán o edificio en primeiro lugar a planta inferior e despois evacuarase a planta primeira, e a continuación a 2ª.

As persoas que ocupen as plantas superiores ordenaranse e esperarán a súa vez, podendo baixar ata o comenzo do descanso da planta inferior, onde o coordinador/a da planta dará a orde de marcha.

A evacuación faráse seguind os criterios de proximidade de escaleiras a excepción dalgunhas aulas da planta 1ª do sector 3, que para evitar colapsar as escaleiras se derivan ó sector 2.

Unha vez desaloxado o edificio os alumnos concentraranse en tres puntos do patio do recinto:

- A) Xardín de entrada principal
- B) Centro norte do patio contra ó peche da malla.
- C) A carón da cancela posterior do recinto.

Por sectores:

Sector 1: Ocupantes da planta baixa pola porta principal, na sa de proxeccións pola porta que comunica co soportal da á norte deica o punto de concentración A.

Ocupantes do salón de actos sairán polas 4 portas laterais e polas dúas traseiras hacia a porta principal, mentres que os ocupantes do escenario sairán polas dúas portas laterais no fondo do mesmo deica o punto de concentración A e B.

Ocupantes da planta 1ª: -2º BAC-A polas escaleiras e porta sur deica o xardín de entrada principal (A).

-Biblioteca polas escaleiras e porta norte deica o xardín da entrada principal (A)-

-2º BAC-B polas escaleiras e porta norte deica o xardín da entrada principal (A).

Sector 2: Ocupantes da planta baixa ximnasio pola porta do polideportivo no edificio novo deica o patio aberto interior (B).

Ocupantes da cafetería e antiga biblioteca polo acceso o xardín da fachada principal (A).

Ocupantes da planta 1ª 1º BAC-A, pola porta fronte as escaleiras do edificio vello deica o xardín da entrada principal (A).

Ocupantes da planta 2ª polas escaleiras que dan a porta do edificio vello que accede o xardín da entrada principal (A).

Ocupantes da planta 3ª (Aula de música), polo mesmo sitio que os anteriores.

Sector 3:Ocupantes da 1ªplanta: 1º ESO-A e B atravesando o Sector 2 polas escaleiras do mesmo deica á porta que accede ó xardín da entrada principal (A), 4º ESO-A e B en fila de a ún polo lateral esquerdo das escaleiras que acceden á porta que está á esquerda sae a un calexón que da á parte posterior do patio (C), de atoparse esta bloqueada a saída o exterior farase pola porta de acceso ó polideportivo, 2ºESO-A e B en fila de a ún polo lado esquerdo da escaleira e saíndo pola porta do calexón traseiro ata a cancela posterior (C), de atoparse esta bloqueada a saída o exterior faráse polo porta que da acceso directo ó polideportivo (B).

Ocupantes da 2ª planta, 1ºESO-A,B e C en fila de a ún plo lado dereito da escaleira e saíndo ó patio interior pola porta do polideportivo, 4ºESO- A e B en de a ún polo lado esquerdo da escaleira e saíndo pola porta do calexón traseiro ata a cancela posterior (C), de atoparse esta bloqueada a saída o exterior faráse pola porta que da acceso directo ó polideportivo (B).

Sector 4: Os ocupantes deste módulo teñen acceso directo polas portas ao exterior no xardín dianteiro (FPB e Taller de Plástca) (A).

Sector 5: Os ocupantes deste módulo teñen acceso directo polas portas ao exterior no xardín dianteiro (Taller de Tecnoloxía e Aula de informática) (A)